

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE RIBADAVIA DE 27 DE FEBREIRO DE 2020.

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 20 horas e un minuto do día 27 de febreiro de 2020 reúnese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, Don César Manuel Fernández Gil (PP), coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as que se indican:

Concelleiros/as :

D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ (PP)
D^a MARIA LUZ EXPOSITO PEREZ (PP)
D^a YOLANDA GÓMEZ GÓMEZ (PP)
D^a CLARA LOEDA SOTO (PP)
D. JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ (PSOE)
D^a. CRISTINA OTERO ALONSO (PSOE)
D. MANUEL VÁZQUEZ LÓPEZ (PSOE)
D^a. NOELIA RODRIGUEZ TRAVIESO (PSOE) .
D. BRAIS FIDALGO MARTINEZ(RBC)
D^a PAULA RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ (RBC)
D ENRIQUE RODRÍGUEZ ALEJOS (RBC)
D^a MARÍA TERESA RODRÍGUEZ ESTEVEZ (BNG)

ASISTEN O SECRETARIO, FRANCISCO GASPAR FERNÁNDEZ CASTRO E O INTERVENTOR, DON VICENTE SOTO RODRÍGUEZ.

ALCALDE .- BOAS TARDES A TODOS E A TODAS, AO PÚBLICO PRESENTE E AOS QUE NOS SEGUEN TELEMÁTICAMENTE, IMOS A DAR COMENZO A SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 27 DE FEBREIRO DE 2020.

1. APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA, QUE FOI A DO 30 DE XANEIRO DE 2020 (ORDINARIA) .

Non formulándose observacións, fica aprobada.

2.-DACION DE CONTA DE: A)DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA, SEGUNDO O EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións da Alcaldía ditas dende a sesión anterior , e que de seguido se relacionan:

Do 31 de decembro; unha, sobre aboamentos.

Do 20 de xaneiro; unha; sobre bonificación IVTM.

Do 24 de xaneiro; unha, sobre aboamentos.

Do 27 de xaneiro; unha, sobre aboamentos.

Do 28 de xaneiro; dúas; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 29 de xaneiro; oito; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre exenc. IVTM; unha, sobre fraccionamento débeda; unha, sobre bonificación IVTM; unha, sobre enterramento; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 30 de xaneiro; oito; unha, sobre reclamación entrada vehículos; unha, sobre baixa recollida lixo; unha, sobre bonificación IVTM; unha, sobre ocupación temporal salón actos; unha, sobre autorización estacionamentos ; unha, sobre contratación con Energy; unha, sobre enterramento; unha, sobre aboamentos.

Do 31 de xaneiro; catorce; unha, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre baixa taxa recollida lixo; dúas sobre fraccionamento débeda; unha, sobre recurso sanción tráfico; tres; sobre liquidación plusvalía; unha, sobre recurso débeda sanción tráfico; tres, sobre servizo axuda no fogar; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 03 de febreiro; tres; unha, sobre fraccionamento débeda; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 04 de febreiro; sete; unha, sobre aprobación plan seguridade e saúde “alumeado Castelo” unha, sobre recoñecemento antigüidade; unha, sobre deixar sen efecto concesión postos pza. Abastos; catro, sobre aboamentos.

Do 05 de febreiro; catro; unha, sobre concesión permiso para asistencia a Feira Enoturismo; unha, sobre autorización verquido provisional á rede municipal; unha, sobre concesión vado.; unha, sobre aboamentos.

Do 06 de febreiro; unha, sobre aboamentos.

Do 07 de febreiro; catro; unha, sobre requirimento; unha, sobre incoación expte. reposición legalidade; unha, sobre declaración caducidade expte; unha, sobre aboamentos.

Do 10 de febreiro; cinco; unha, sobre subv. para servizo voluntariado xuvenil; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre ocupación dominio público; dúas, sobre aboamentos.

Do 11 de febreiro; trece; tres, sobre altas no Padrón Habitantes; tres, sobre fraccionamento débeda; tres, sobre desestimación alegacións; unha, sobre requirimento; unha, sobre baixa no Padrón Habitantes; unha, sobre delegación competencias; unha, sobre aboamentos.

Do 12 de febreiro, tres; dúas, sobre altas no Padrón Habitantes; unha, sobre concesión vacacións.

Do 13 de febreiro; dúas; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 14 de febreiro; catro; unha, sobre petición subvención; unha, sobre autorización ocupación estacionamento; unha, sobre arquivo expte; unha, sobre concesión vacacións.

Do 17 de febreiro; tres; unha, sobre bonificación IVTM; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre aboamentos.

Do 18 de febreiro, catro; unha, sobre denegación asuntos propios; unha, sobre ocupación dominio público; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre aboamentos.

Do 19 de febreiro; cinco; unha, sobre recoñecemento antigüidade; dúas, sobre concesión servizo axuda no fogar; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre enterramento; unha, sobre aboamentos.

Do 20 de febreiro; tres; unha, sobre recoñecemento antigüidade; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 21 de febreiro; tres; unha, sobre eficacia comunicación previa obras, unha, sobre denegación eficacia comunicación previa obras, unha, sobre aboamentos.

Do 24 de febreiro; nove; seis, sobre altas no Padrón Habitantes; dúas, sobre desestimación impugnación; unha, sobre enterramento.

3.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 1/2020.

A Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica e Vitivinícola e Obras, na súa sesión de 20 de febreiro de 2020 adoptou o seguinte ditame:

PRIMEIRO. Que se aprobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm.1/2020, na modalidade de crédito extraordinario, e suplemento de crédito, de acordo co seguinte resumo por capítulos: **1º CREDITOS NECESARIOS:**

- *Suplementos de Crédito (Partidas existentes no Orzamento con dotación insuficiente)*

<i>Partida orzamentaria</i>	<i>Consignación anterior</i>	<i>Aumento que que se prop.</i>	<i>Total</i>	<i>Fins</i>
165.633000	0	23.799,24	23.799,24	Aportación municipal o Proxecto "Aforro e eficiencia enerxética no alumado público.IDAE 2019".

R E S U M O

Tota credits extraordinarios e suplementos de crédito 23.799,24

Total créditos necesarios 23.799,24

IMPORTE TOTAL DA OPERACION..... 23.799,24

=====

2º.- FINANCIAMENTO

Para financia-los créditos sinalados no apartado anterior, pódense arbitrar-los seguintes recursos:

- a) Con cargo ó Remanente Líquido de Tesourería.
- b) Con cargo a novos ou maiores ingresos recadados sobre os totales previstos nalgún concepto do orzamento corrente.
- c) Con cargo a anulacións ou baixas de créditos doutras partidas do Orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo, segundo o detalle que segue:

Partida orzamentaria	Consignación anterior	Disminución que se prop.	Total
133.12003	82.532,52	9.170,28	73.362,24 (1)
133.12006	17.151,25	1.247,15	15.904,1 (2)
133.12009	30.590,06	3.341,65	27.248,41 (3)
133.12100	50.401,44	5.600,16	44.801,28 (4)
133.12101	43.177,68	4.440	38.737,68 (5)
Total diminución que se propón-----			23.799,24

(1) Retribución Básica (Sueldo Base), de prazas vacantes da Policía Local, 6 meses.

(2) Trienios, de prazas vacantes da Policía Local, 2 meses.

(3) Paga extraordinaria de prazas vacantes da Policía Local, 2 meses.

(4) Retribucións complementarias (complemento de destino) de prazas vacantes da Policía Local, 2 meses.

(5) Retribucións complementarias (complemento específico) de prazas vacantes da Policía Local, 2 meses.

SEGUNDO. Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no *Boletín Oficial da Provincia de Ourense*, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP , , reservanse para o Pleno PSOE, BNG, e RBC ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame.

Dª Mariluz Expósito Pérez (PP).- Trátase dunha modificación orzamentaria para sufragar a aportación do concello a un proxecto de eficiencia enerxética, con cargo a partidas de 2019 da policía local

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Boa tarde a todos e a todas. Un pésame agarimoso para a familia do veciño falecido o martes; é obrigado para a

corporación manifestar a dor. O noso grupo vai a votar a favor, é unha boa iniciativa para o municipio. Reclamar a contratación urxente de dous auxiliares da policía local, e pregar que o proceso selectivo sexa o máis rápido posible. Que haxa cobertura policial pola noite, e que o alcalde pida o subdelegado do goberno a axuda da Garda Civil.

D Manuel Vázquez López (PSOE).- Un recordo especial para o veciño do pobo, moi querido, falecido nunhas circunstancias estremecedoras.

Imos votar a favor , é unha obra boa, conquerida polo anterior goberno.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Dende o BNG expresar o noso máis sentido pesame polo tráxico pasamento dun veciño moi querido.

Alcalde.- Facer extensivo o pésame de toda a corporación aos familiares e amigos do veciño falecido.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PP (5), PSOE (4), RBC (3), abstención BNG (1), fica aprobada.

4.- MOCIÓN RBC PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA APOIE E SE INVOLUCRE NOS SEUS SERVIZOS SOCIAIS CON INICIATIVAS NAS SÚAS POLÍTICAS SOCIAIS A FAVOR DA VECIÑANZA QUE MÁIS O PRECISA : AXUDA AO PAGO DA LUZ, LUZ E ALUGUER A QUEN MÁIS O PRECISA.

A Comisión de Política Social, Sanidade e Participación Cidadán , na súa sesión de 20 de febreiro de 2020 adoptou o seguinte ditame:

Exposición de Motivos

Co recente debate sobre os Orzamentos 2020 do Concello saíron á luz as contradicións deste goberno, quen semella máis preocupado por intentar facerlle oposición á oposición que por ter algunha iniciativa en favor da veciñanza de Ribadavia, máis alá da propaganda baleira e das campañas de intoxicación falaz e terxiversada contra os demais grupos do Pleno municipal.

Cos Orzamentos actuais vixentes, e prorrogados, sería posible dispoñer dunha partida que xa existe de 5.000 euros para abordar iniciativas e políticas sociais que non se están a dar por parte do actual goberno local, así, podendo facelo non o fai.

Por este motivo o grupo municipal de Ribeiro en Común reclama de este Pleno o seu apoio para que desde o Concello se aborden iniciativas para mellorar a vida das familias e veciñanza que máis o precise.

Na actualidade, recordamos a modo de exemplo que no noso municipio hai máis dun cento de persoas inscritas no Bono social da Xunta de Galicia para recibir axudas de co-pago da factura de subministro eléctrico para as súas vivendas.

Somos conscientes ademais, que moitas veces estas liñas de axudas están sometidas a unhas bases e parámetros excesivamente restritivos, deixando ás veces xente fora que na realidade si o necesita.

O noso grupo ten constancia dalgunha familia que se podería beneficiar ademais deste Bono da Xunta dunha liña de axudas por parte do noso Concello para a factura da auga, que é de xestión municipal a través dunha concesionaria, así como tamén do pago de aluguer de vivenda.

Ademais desta liña, sempre existiu a posibilidade desde o Concello de facer fronte a pagos extraordinarios de extrema necesidade e puntual. Cuestión que o noso grupo considera que pode ampliarse a través do estudo de novas necesidades potenciais. Pero o noso grupo considera que máis alá de apoiar e respaldar a veciñanza en situacións de extrema necesidade nas súas facturas, debemos ter iniciativas para evitar chegar a tal situación extrema, a través de políticas sociais de prevención.

O Concello de Ribadavia debe apoiar no seu Orzamento municipal aos servizos sociais, cuxos profesionais realizan unha grande labor e deberían verse correspondidos no incremento da súa partida orzamentaria.

PROPOSTA PARA A SÚA APROBACIÓN:

d) **Que o Concello de Ribadavia apoie e se involucre nos seus servizos sociais realizando iniciativas nas súas políticas sociais en favor da veciñanza que máis o precisa. Tales como:**

- **Execución e gasto da partida existente denominada “Transferencias a familias sen recursos” (atención a beneficios e asistenciais) de 5.000 euros.**
- **Establecemento dunha liña de axudas a familias que o precisen e se censan ou estean censadas no noso municipio para o pago da factura da auga, así como complementar o existente bono social da luz da Xunta, e unha liña de axuda ao aluguer.**
- **Creación dunha Comisión técnica e política para o estudo doutras liñas de axudas que poidan detectarse como necesarias no noso municipio.**

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol RBC , , reservanse para o Pleno PP, BNG, e PSOE ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- O propio título é bastante significativo. A prioridade do gasto deben ser as políticas sociais, e unha medida necesaria e substancial. Hai outra liña de axudas da tarifa eléctrica da Xunta, que o ano pasado se duplicou, case vinte persoas e trescentos euros. Os parámetros para esta axuda son accesibles. Hai axudas para aluguer de catro mensualidades, trescentos euros. Auga e lixo son competencias municipais. Hai unha pequena axuda da xunta ao canon da auga. O concello debería buscar demandantes de estas necesidades. Hai unha certa estigmatización social. O concello pode facer moito máis, reducir requisitos, facer unha política activa, non só de loita contra a pobreza. Evitar que a xente chegue a estos estados. Son máis necesarios que outros gastos, que o concello promova e poña vivenda en aluguer. Progresista é traballar e conquistar o que lle interesa á xente. Que os técnicos e todos os grupos fagan un estudo, que non ten porque ser inmediato.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Apoiar a moción, o noso grupo fomenta estas iniciativas e pide su inclusión no orzamento. É un incentivo para que a xente viva en Ribadavia.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Boas tardes a todos e todas. Nos fomos os que pusimos en marcha os servizos sociais neste concello, que son os mellores de toda a provincia. Todo o que sexa melloralos o imos a apoiar. Primeiro que se faga ese estudo polos técnicos. Hai dúas partes diferenciadas, a transferencia se podería efectuar e a comisión para outras liñas de axuda nos parece ben. A Xunta é a que ten a competencia en servizos sociais, non os concellos, nin sequera as Deputacións. Os concellos deben reivindicar esta cuestión dado o limitado dos recursos e dos cartos.

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP).- Obviamente son unha prioridade os veciños de Ribadavia. Os servizos sociais do concello apoian aos veciños con necesidades, axudan nas solicitudes á Xunta. Non teñen constancia de ningún non cuberto. Se pediu un estudo máis pormenorizado que non está rematado. Non hai inconvinte en dar traslado e implementar o mesmo. De acordo en axudar na medida do posible. Nos imos a abster á espera do estudo dos servizos sociais.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Grazas aos grupos que votan a favor. Ribadavia se merece traballar neste tema. Que se faga unha comisión mixta para buscar outras liñas, nos non queremos esperar a ese estudo técnico, nos queremos facer as propostas e logo que os técnicos as fagan realidade. Temos un moi bos servizos sociais e traballadores e traballadoras. Serviría para que a xente se cense en Ribadavia. Outras administracións deben involucrarse máis. Quizás hai que aumentar a partida orzamentaria. Agardo que os tres puntos se leven a cabo.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PSOE (4), RBC (3), BNG (1), abstención PP (5), fica aprobada.

5.- MOCIÓN PSOE PARA GARANTIR A IGUALDADE DE TRATO ENTRE AS PARELLAS DE FEITO E AS CASADAS NO ACCESO Á PENSIÓN DE VIUVEZ.

A Comisión de Política Social, Sanidade e Participación Cidadán, na súa sesión de 20 de febreiro de 2020 adoptou o seguinte ditame:

As persoas rexistradas oficialmente como unións de feito, que sobreviven á súa parella, experimentan no noso país unha discriminación no acceso á percepción da pensión de viuvez respecto a os que elixen o matrimonio como modo de convivencia. Ao membro supérstite na parella de feito esixénselle requisitos para a percepción da pensión que non son contemplados nos supostos en que a parella se formaliza de conformidade coas normas que regulan o matrimonio. Esta diferenza de trato non ten causa obxectiva que actualmente a xustifique.

De acordo coa Lei Xeral da Seguridade Social, modificada no ano 2007, o membro supérstite da parella de feito deberá acreditar para percibir a pensión, que os seus ingresos durante o ano natural anterior non alcanzaron o 50 por cento da suma dos propios e do falecido habidos no mesmo período, ou o 25 por cento no caso de inexistencia de fillos comúns con dereito a pensión de orfandade. Esta regulación supón unha dobre discriminación. Dunha parte, esíxese que o membro defunto da parella gañase un euro máis que o sobrevivente para poder percibir a pensión, requisito que nalgún caso se esixe ao cónxuxe que sobrevive no matrimonio. Doutra parte, establécense uns requisitos diferentes no caso de que non existan fillos comúns con dereito a orfandade.

No caso de que non cumpran estes requisitos só recoñecerase dereito a pensión de viuvez cando os ingresos do sobrevivente resulten inferiores a 1,5 veces o importe do salario mínimo interprofesional. Con iso a norma trataba de garantir a pensión nos supostos de necesidade económica. Pero a finalidade da pensión non é garantir un mínimo vital, senón non para remediar o dano que produce á familia a diminución de ingresos na familia por mor da morte do cónxuxe.

A modificación de 2007 (Lei 40/2007, de medidas en materia de Seguridade Social) establecía por primeira vez no ámbito normativo (no xurisprudencial conseguíronse algúns recoñecementos con anterioridade), a posibilidade de cobrar a pensión de viuvez nos supostos de parellas de feito. Iso supuxo un importante avance en orde á consecución dos dereitos das parellas de feito,

que ía parello ao recoñecemento desta realidade en ámbitos tan dispares como o tributario ou o penal. Pero a Lei trataba de que se acreditase, ademais da convivencia efectiva, a dependencia económica do convivente sobreviviente nas porcentaxes mencionadas en función da existencia ou non de fillos comúns con dereito a pensión de orfandade. Ademais, a Lei tampouco valoraba que a situación económica no momento do falecemento poida manterse como estable no tempo ou que esta situación sexa puramente circunstancial, como pode ser o caso de contratos de traballo temporais. Que se esixa una “certa dependencia económica” dun dos membros da parella de feito para optar a unha pensión de viuvez é discriminatorio. Que só se teñan en conta os ingresos do convivente que sobrevive nun momento determinado (o ano anterior ao falecemento) é inxusto.

A realidade social que trataba de regular a norma cambiou substancialmente. Por iso a norma debe cambiar.

Os fillos nados fose do matrimonio son 46,8% segundo as últimas cifras recollidas en 2017, cando nos anos 90, estes non chegaban ao 10%. Estas cifras son manifestación da ruptura do modelo tradicional familiar existindo unha realidade como son as unións de feito que debe ser considerado e regulado. Ademais, desde entón, recoñeceuse o acceso ao matrimonio a persoas do mesmo sexo e lograronse importantes (aínda que claramente insuficientes), avances en materia de igualdade.

De acordo cos datos do Instituto Nacional de Estatística no ano 2018 había en España rexistradas 1.625.800 parellas de feito fronte a 9.655.100 parellas casadas. Iso supón que un 14,41% da poboación opta por inscribirse nun Rexistro Oficial de Parellas de feito, fronte a 85,59% que optan polo matrimonio. Non existe razón para discriminar a estas parellas.

Neste punto non pode evitarse contemplar outro dato: no noso país o número de viúvas é moi superior ao de viúvos. Iso supón que, na práctica, a medida é unha norma que, unha vez máis, atenta contra a igualdade da muller no noso Ordenamento Xurídico.

1 Instar á Xunta de Galicia a non recortar o plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas para o período 2020-2021.

2 Instar á Deputación de Ourense a que, no caso de que a Xunta de Galicia manteña o recorte, aporte ós concellos da provincia os fondos suprimidos do plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas.

3 Dar traslado do presente acordo a todos os Concellos da comarca do Ribeiro.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PSOE , , reservanse para o Pleno PP, BNG, e RBC ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Esta moción e outras as ía a defender a miña compañeira Noelia Rodríguez Travieso, non o pode facer porque non está en condicións físicas. É ben simple, é un colectivo de persoas que non debe sufrir

discriminación pola forma de convivencia. O goberno de progreso do Estado vai a facilitar que esto ocorra. Se unha persoa ten a desgraza de que a súa parella falezca que teña os mesmos dereitos que se estiveran en matrimonio.

D^a María Teresa Rodríguez Estevez (BNG).- Estamos a favor, será o Congreso, o que legisla, o que o ten que aprobar, alí votará a favor o BNG.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC) .- É unha boa proposta, estamos a favor de calquera avance en materia de igualdade.

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP).- A favor.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Agradecer o voto a favor.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

6.- MOCIÓN BNG DE APOIO ÁS CONVOCATORIAS DO FEMINISMO GALEGO AUTOORGANIZADO E DEMANDANDO DA XUNTA DE GALICIA A ASUNCIÓN DOS PROGRAMAS RELATIVOS Á DEPENDENCIA.

A Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica e Vitivinícola e Obras, na súa sesión de 20 de febreiro de 2020 adoptou o seguinte ditame:

O vindeiro 8 de marzo o feminismo galego fará historia novamente, como xa fixo nos anos 2018 e 2019 cunha folga histórica. Baixo o lema "*Sen coidados non hai vida. Mudando o sistema, derrubando o patriarcado*" están convocados diversos actos preparatorios, unha manifestación nacional en Verín o 1 de marzo e numerosas convocatorias locais e comarcais para a propia xornada do 8 de marzo.

Con esta resposta e con esta campaña, o feminismo galego autoorganizado sitúa os coidados no centro do debate e as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político no que vivimos, que non podería sosterse sen coidados que se desenvolven en moitas ocasións de forma gratuíta ou a través da precarización de moitas mulleres.

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que corresponde ás institucións escoitar e recoñecer os debates que o feminismo galego está a colocar na axenda social e comprometer os nosos esforzos en corrixir as desigualdades que permanecen na Galiza de 2020.

Hoxe no noso país temos, malia que é ilegal, unha fenda salarial de máis de 4.000 euros entre homes e mulleres, que se dá tamén nas pensións de xubilación en máis de 400 euros. Así mesmo, sabemos que os coidados de

maiores e crianzas recaen maioritariamente nas mulleres, quen continúan a ser con moito quen máis horas das súas vidas invisten nestes ámbitos.

Así mesmo, as galegas sufriron o deterioro dos servizos públicos básicos, cun sistema de financiamento insuficiente tanto para a Xunta de Galiza como para os concellos, que son claramente discriminados e ao que se engaden as imposicións de déficit e restrición de gasto. Todo isto, xunto con decisións e recortes que se aplicaron desde as administracións galega e estatal, teñen derivado no infrafinanciamento de moitos servizos públicos. Esta situación tradúcese moitas veces na precarización destes servizos e das persoas que traballan neles, como é o caso do Servizo de Axuda no Fogar.

Outro ámbito moi importante de discriminación na esfera dos coidados é o do traballo do fogar ou traballo doméstico. Tanto polas desigualdades vixentes na organización familiar e os limitados avances na corresponsabilidade como por ser un ámbito que agocha moitas formas de traballo precarizado e mesmo alegal. É, ademais, un ámbito non suficientemente investigado e estudado mais que é evidente que ten un gran impacto na economía.

Por todas estas razóns, este 8 de marzo cómpre recoñecer o traballo do feminismo galego e contribuír desde esta institución a combater a precarización de servizos de coidados ocupados maioritariamente por mulleres, e a dar visibilidade ao que supón no noso sistema económico e social a contribución do traballo invisible dos coidados.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- Recoñecer e apoiar as convocatorias do feminismo galego autoorganizado que neste 2020 colocan no centro do debate os coidados e as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político no que vivimos, que non podería sosterse sen coidados que se desenvolven en moitas ocasións de forma gratuíta ou a través da precarización de moitas mulleres, comprometéndose a traballar para que os poderes públicos contribúan a superar esta situación.

- Demandar da Xunta de Galiza o seu compromiso coa realización de estudos periódicos sobre o valor social e económico do traballo do fogar e do coidado. A comezar por:
 - Dar cumprimento ao artigo 29.3 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de igualdade e realizar as actuacións necesarias para que no primeiro semestre de 2020 estea en marcha o desenvolvemento dunha nova Conta Satélite da Produción Doméstica.
 - Realizar as actuacións necesarias para que no ano 2020 se desenvolva un profundo estudo, en colaboración coa universidade galega, do reparto do tempo nos fogares galegos.
 - Comprometerse a iniciar a elaboración Plan de Dignificación e Visibilización dos Coidados co fin de valorizar e divulgar entre o conxunto da poboación galega a súa relevancia económica e social e as consecuencias que supón para o exercicio dos dereitos das mulleres o desequilibrio que persiste na actualidade así como as vantaxes sociais dun reparto equitativo dos tempos entre homes e mulleres.
- Demandar da Xunta de Galiza a asunción dos programas relativos á Dependencia para garantir a súa prestación universal e en igualdade para todas as persoas usuarias, sen que iso dependa do Concello de residencia (con capacidades económicas diferentes, e que fai que por exemplo, os Concellos máis pequenos do interior xeralmente cunha media de idade máis alta, teñan que suspender a prestación dos servizos por non poder facer fronte ao complemento que a Xunta obriga a pagar aos Concellos). Transitoriamente, demandar da Xunta de Galiza e do Goberno central, o incremento da súa dotación orzamentaria de forma que se garanta a continuidade dos servizos e se melloren as condicións laborais e salariais das traballadoras.

D^a María Teresa Rodríguez Estevez (BNG).- O 8 de marzo celébrase o Día da Muller Traballadora, o BNG súmase e insta ao pleno a apoiar. Moitas mulleres galegas están ao coidado de persoas maiores e crianzas. Hai unha gran fenda na retribución salarial ás mulleres. É importante sumar e

reivindicar. Pedir que o día de Rosalía de Castro, unha muller galega se celebre como o merece.

D^a Paula Rodríguez Domínguez (RBC).- Como partido de clara inspiración feminista, estamos a favor de todo o que vaia en contra da desigualdade de xénero, é unha necesidade urxente loitar contra a desigualdade. A dependencia na realidade recae sobre as mulleres. É unha moción moi necesaria, nos participaremos neses actos, mesmo os homes de Ribeiro en Común.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Nestes momentos as cuestións que afectan ás mulleres ten unha perspectiva nada halagüeña , hai unha involución nestes temas. O PSOE foi abanderado na loita nestes temas, Zapatero promulgou leis que estaban a vangarda de Europa. Os grupos de esquerda somos abanderados nestas cuestións, o PP é ambigüo nestes temas, non neste concello, pero hai Comunidades Autónomas en que está apoiado por un partido de extrema dereita que dí barrabasadas nestes temas. Nestes momentos hai que reivindicar máis neste tema , pola involución que se está producindo.

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP).- Compartimos a exposición de motivos e os acordos, suliñar que o grupo de goberno é de composición maioritaria feminina.

Sometida a votación a proposta fica aprobada por unanimidade.

7.-MOCIÓN PSOE INSTANDO Á XUNTA A NON RECORTAR O PLAN MARCO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS.

A Comisión de Política Social, Sanidade e Participación Cidadán , na súa sesión de 20 de febreiro de 2020 adoptou o seguinte ditame:

A xunta de Galicia vén de publicar a resolución pola que se aproba o plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas para o período 2020-2021 ,un relevante instrumento de cooperación e axuda financeira ás entidades locais da comunidade , que periódicamente impulsa Agader , dependente da Consellería de Medio Rural.

Este plan ten como obxectivo principal subvencionar a ampliación , mellora ou mantemento dos camiños rurais , co fin de renovar esta rede viaria que sirve de acceso ás explotacións agrícolas dos seus territorios, mellorando considerable a, en moitos casos, deficiente accesibilidade ás parcelas de cultivo , co fin de impulsar o desenvolvemento , a modernización e a adaptación a actualidade da agricultura galega. Sen embargo, para o presente ano 2020 e para o próximo 2021, o goberno galego aplicou un importante recorte ós fondos públicos que adicaba a este fin. Así pois, para o período 2020-2021 prevé unha dotación máxima para financiar axudas de 11.974,836 euros (5,9 millóns cada ano) , con cargo ós orzamentos de Agader. Eso son catro

millóns de euros menos que os destinados pola Xunta para o período 2017-2018, cando orzamentou 15.998, 687 euros para este mesmo fin. E iso a pesar de que a presente convocatoria está cofinanciada nun 75% a través do Feader da Unión Europea.

A pesar de que está ía a ser a lexislatura do rural, segundo manifesta o actual presidente, Alberto Núñez Feijóo, días antes dos anteriores comicios autonómicos, ó afirmar en setembro de 2016 que despois daquela xornada de votación, ía comezar a lexislatura do rural con proxecto claro de futuro no que avanzaremos en tres sentidos que son a aposta pola calidade, a reestructuración e a diversificación “o goberno galego aplica agora unha redución millonaria dos fondos para o desenvolvemento e potenciamento do rural.

Así pois os municipios non comprenden por que o goberno de Núñez Feijóo pretende aplicar agora esta avultada redución dun instrumento de axuda e cooperación sendo, ademais, un ourensán o actual titular da Consellería de Medio Rural. Afirmaba o presidente en 2016 que os populares confían cada vez máis no futuro do rural, mais decisións como esta só minan o futuro dos habitantes e traballadores do campo galego. Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte proposta de acordo:

1 Instar á Xunta de Galicia a non recortar o plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas para o período 2020-2021.

2 Instar á Deputación de Ourense a que, no caso de que a Xunta de Galicia manteña o recorte, aporte ós concellos da provincia os fondos suprimidos do plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas.

3 Dar traslado do presente acordo a todos os Concellos da comarca do Ribeiro.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PSOE, , reservanse para o Pleno PP, BNG, e RBC ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Hai cousas que non me gustan, cando fixo un medio chascarrillo respecto á muller que falaba; fixo unha distinción, se di concelleiro, non home ou muller. Se deixou caer veladamente que eramos homes; antes o PP non tiña ningunha muller no concello nin na Deputación. Hai bromas que non me gustan. É unha mostra do que o PP fai con esta comunidade ou este concello. Fomos leais ao goberno nesta cuestión, sabemos o que é gobernar. Non sabíamos que ía a haber a rebaixa que hai. Moitos alcaldes de Lugo están en desacordo. Non pode haber unha rebaixa sistemática nos fondos de este Plan, e non vale dicir que hai unha parte que ven dos Fondos Europeos e se rebaixa. Parece ser que fai dous anos se abriron un pouco as posibilidades nalgúns parámetros. Nesa reunión algún dixo cando abrides a man, non sexa que despois pechedes o grifo. Iso é o que ocorre, ata rematar coa desaparición de este plan. Esperemos que o novo goberno galego cambie isto. Se ten que haber unha discriminación positiva que sexa cara ao rural. Se mantén as subvencións de concorrencia competitiva, e nas outras baixan os cartos para ir as de concorrencia competitiva. Se vai asfixiando aos concellos. Hai concellos moi similares a Ribadavia que reciben o dobre. Se peleou para que se puidese investir en outras cuestións. Hai outra pata que non se solventou, que a Deputación se faga cargo de eses cartos que non reciben os concellos; a Deputación pode que reparte infinitos cargos.

D^a Maria Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- O BNG vaia a apoiar esta moción, estamos en contra de que se recorte o Plan Marco. O concelleiro de Medio Rural que está bastante ausente, visitou Ourense e dixo que era a provincia máis necesitada, a ver si se ve e non se está vendendo fume. Instar ao concello de Ribadavia a que inste neste tema.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Estou moi de acordo co que dixo o portavoz do PSOE ao inicio. Non me pareceu de recibo a intervención da portavoz do PP, banalizou cunha cuestión moi grave. Presumir que hai máis mulleres no grupo do PP que nos outros grupos non é de recibo. Outros grupos ten unha composición nas listas do 50% ou teñen listas cremallera; o PP non. Me indignou, o PP debería preocuparse polos seus socios. Seguramente a intervención se fixo sen mala intención.

Esta moción é xusta e positiva. O noso grupo defende as subvencións baseadas na igualdade e de concorrencia competitiva, non como fai Baltar. Esta moción é moi necesaria pola situación na que se atopan os camiños rurais en Ribadavia.

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP).- Houbo un descenso na contía destas axudas, outros anos quedaban millóns de euros sen executar. Buscando a eficiencia da administración pública se rebaixou. O noso grupo sempre vai a traballar para que o concello de Ribadavia non se vexa perxudicado.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- A intervención da portavoz me deixa preocupado. Eu, entendendo ,por onde poden vir esas axudas, reclamo que as axudas sexan iguais para todos os concellos.

Non comparto que a Deputación non fixera e non arreglara ningún camiño neste concello, se decía que ían a empezar en outubro. Agora que ven o bo tempo que veña a brigada de obras da Deputación e que se reparen os camiños.

Sometida a votación a proposta, obtense o seguinte resultado votos a favor PSOE (4), RBC (3) e BNG ; abstención PP (5).

8.-MOCIÓN BNG A PROL DA IMPLANTACIÓN DO CICLO MEDIO EN COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS ALIMENTARIOS NO IES O RIBEIRO.

A Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica e Vitivinícola e Obras , na súa sesión de 20 de febreiro de 2020 adoptou o seguinte ditame

Na actualidade, a comercialización dos produtos faise cada vez máis relevante na cadea produtiva. Non só se trata de elaborar un produto de boa calidade, se non de saber comercializalo, para poder obter todo o seu valor. Os nosos produtos, empezando polos viños da D.O. Ribeiro dependen cada vez máis da súa comercialización e os profesionais formados na materia son cada vez máis demandados.

O ciclo de comercialización de produtos alimentarios vai ser implantado dentro da oferta educativa de formación profesional, estando actualmente no proceso de elaboración do seu currículo académico e de definición do mapa de centros de ensino no que vai ser impartido.

Ademais do xa existente ciclo medio de electromecánica de vehículos automóbiles, no curso 2012-2013 implantouse no IES O Ribeiro o ciclo medio de aceite de oliva e viños e no 2016-2017 o ciclo superior de vitivinicultura. Ambos acabaron consolidándose e reforzando a oferta educativa no noso concello cunha nova rama de formación profesional moi vencellada á nosa comarca.

A implantación deste ciclo medio de comercialización de produtos alimentarios permitiría encher máis de contidos o edificio Abrente, mesmo atraendo estudantes doutras comarcas e para a D.O. Ribeiro é fundamental mellorar a comercialización tanto como a produción e a elaboración de viños.

En definitiva, estes estudos que propomos implantar o vindeiro curso tamén son unha aposta de País. Refórzase e complementase a oferta formativa no interior galego, un territorio para o que é vital ofrecer posibilidades de formación e desenvolvemento profesional á escasa poboación xove que aínda se mantén.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Instar á Consellaría de Educación, Universidade e Formación Profesional a implantar para o vindeiro curso 2020-2021 no IES O Ribeiro o Ciclo de Comercialización de Produtos Alimentarios.

2. Trasladar este acordo aos demais concellos da comarca do Ribeiro e á Deputación provincial de Ourense.

Sometida a votación a proposta coa engadega formulada polo grupo municipal do PSOE de engadir no segundo punto “ e á Consellaría de Educación” obtense o seguinte resultado, votos a prol PSOE, BNG, RBC , , reservanse para o Pleno PP ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- En vez de recortar a educación , habería que implantar un novo ciclo. Que o concello se dirixa á Consellaría para

solicitar a implantación do novo ciclo. É moi importante saber comercializar un produto. Supoñe sacar máis partido a ese centro e que a xente se quede en Ribadavia. Hai que fomentar a educación e non os recortes.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Nos parece unha boa iniciativa , sería bo para Ribadavia e a comarca.

D Manuel Vázquez López (PSOE).- Nos parece unha moi boa proposta, aumenta e complementa a oferta educativa. Ogalla se consolide e se poida chegar ao ciclo superior.

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP).- Boa noticia que se implementase ese ciclo, lle daría máis contido ao edificio. Facilitaría que a xente viva eiquí. Imos a traballar para que veña.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Grazas polo apoio.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

9- MOCIÓN BNG POLA MELLORA DAS INSTALACIÓNS NO CEIP DE RIBADAVIA E A SÚA CONTINUIDADE NA ALAMEDA.

A Comisión de Cultura, Enoturismo e Termalismo
, na súa sesión de 20 de febreiro de 2020 adoptou o seguinte ditame

Nos últimos anos viñemos asistindo a un progresivo desmantelamento do colexio da Alameda. Primeiro fóronse trasladando os grupos de 1º a 4º de primaria para a concentración escolar de Maquiáns-Rúa Ribeiro.

Ao rematar o curso 2016-2017 suprimíanse do antigo CPI Tomás de Lemos os estudos de secundaria obrigatoria (ESO), que se engadían ao IES O Ribeiro. Ao rematar o curso 2018-2019 as dúas aulas de Infantil de 3 anos na Alameda reducíanse a unha e o mesmo se nos anuncia que vai ocorrer con Infantil de catro anos ao rematar o presente curso. Un círculo vicioso que semella que non terá fin ate que todo o CEIP de Ribadavia quede cunha soa aula aberta por curso, non só en Infantil se non en toda a ensinanza Primaria.

Como consecuencia, cada vez é menos o persoal docente que presta servizo en Ribadavia e, avanzados xa 20 anos deste século, as rateos de alumnado por profesor, tanto no CEIP de Ribadavia como no IES O Ribeiro logo da fusión son maiores que unha década atrás.

Non admitimos que o peche do colexio da Alameda sexa a solución aos problemas que dende hai décadas arrastra por falta de mantemento. O feito de que na concentración haxa numerosos espazos baleiros non se vai solucionar, xa que se continúa a supresión de aulas que empezou neste curso en Infantil, cando se estenda a Primaria volverá haber as mesmas aulas baleiras que na actualidade.

Se aceptamos sen máis o peche da Alameda só se chegará a unha progresiva perda de persoal docente, rateos de alumnado por aula nos máximos legais e unha maior carga para o Concello, que deberá facerse cargo dun edificio que precisa de profundas reformas sen poder contar para elo co concurso doutras administracións como a Consellería de Educación. Unhas reformas que dende a comunidade educativa, nomeadamente a ANPA e o claustro do centro se veñen demandado infructuosamente dende hai anos.

Por tanto, o mellor para os intereses xerais de Ribadavia é manter aberto o colexio da Alameda e esixir unha reforma integral das instalacións que abrangan tanto o colexio como a escola infantil de 0 a 3 anos.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Demandar á Consellaría de Educación, Universidade e Formación Profesional a que acometa unha reforma das instalacións escolares da Alameda para que se poida continuar impartindo docencia nas condicións apropiadas que se esixen para calquera centro educativo (biblioteca, aulas de música e idiomas, de reforzo). Así mesmo, que se dispoña na Alameda do profesorado auxiliar propio das ensinanzas de infantil (pedagogía terapéutica, audición e linguaxe)
2. Demandar á Consellería de Educación que teña en conta a realidade do CEIP de Ribadavia como ente educativo con dous colexios (concentración e Alameda) na súa achega a gastos de funcionamento de centro para que deste xeiro o centro non padeza a actual precariedade de recursos.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PSOE, BNG, RBC , , reservanse para o Pleno PP ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

Alcalde.- Os puntos nove e dez imos a proceder a un debate conxunto e a realizar a votación por separado.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Nestas mocións hai dous grupos defendendo o público, neste caso a ensinanza pública. A dirección do centro explicou que era unha decisión do centro, e que non era viable manter o colexio na Alameda. Crónica dunha morte anunciada. Hai un progresivo desmantelamento. O goberno dixo en comisións que non era un peche, que era un traslado; é un peche.

O edificio está en condicións precarias, pero non se atenderon as necesidades. Se pecharon os CRA. O BNG mellorar as instalacións e manter o centro. Non sabemos a posición das ANPA. Mandamos unha carta á dirección expoñendo os motivos. Se perde persoal, o concello se vai a ter que facer cargo dos edificios. Xa non se vai a contar coa Consellería de Educación para manter o edificio.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- O noso grupo suscribe a maioría do dito na exposición do BNG. É un debate arredor dun modelo de educación. Da reunión que convidou o director do centro ó público, a conclusión é que o se defende o se perde. A cuestión é que modelo de educación queremos para os nosos fillos. Nos anos oitenta xente de clase obreira podía chegar a enxeñeiro, catedrático ou presidente do goberno grazas a educación. En Estados Unidos non é así. A nos se nos convoca a unha reunión cunha decisión xa tomada, imos de oíntes; non é de recibo. RBC defende este modelo opine o que opine unha maioría de nais. Ás nais non se lles consultou previamente.

Parte da sociedade non entende o que se está a debater. Non se pode impoñer as nais ou nenos que non se queren ir. Moitos, ao mesmo tempo, defenden os CRA. O Colexio da Alameda podía camiñar cara a un modelo CRA. Se opta este ano por mover os nenos. Se vende como un favor levar en bus os nenos ao colexio a comer, e logo que se queden. Non estamos polo modelo que defende a Xunta e a Consellería de Educación, este partido se xoga o día cinco de abril. Se pode aumentar o profesorado.

Únicamente pedimos que o concello se molle e intermedie nesta cuestión. Este rumor xa existía o curso pasado. Se falaba dun aula de audiovisuais, había unha asociación que case estaba medindo as portas para entrar ahí.

Non queremos entrar na cuestión da culpabilidade, pedimos que a Xunta abra unha vía de comunicación co centro, coa ANPA e cos profesores. Que opinen os pais e nais sobre o modelo educativo, antes de esta decisión tan drástica que se nos impoñe.

Que salga a unanimidade de este pleno nos tres puntos, que se intente mostrar a unidade como pobo.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- O que vou a dicir é o sentir do meu grupo, non meu. Algunha nai ao saír de esa reunión díxome libremente Deus que ti foses o alcalde que pechase o colexio da Alameda. Fai dous anos esa cuestión era o fin do mundo, era unha coacción dicir o contrario. Agora se dice que este edificio é un perigo para os nenos, fai dous anos era inviable pechar aquel colexio. Agora se chega a unha reunión e xa está todo falado.

Que a Consellería de Educación non sabía nada de esto ou o alcalde, se non se sabe é para protestar enerxicamente. Sería vergonzoso que non se soubera unha decisión dunha envergadura tan importante. Non me creo que a Consellería non soubese nada.

As nais preguntan que pasaría se se protestase, se non queredes que se peche non se pecha. O alcalde deixa facer, se ve que non hai reivindicación, non fai nada e non molesta aos compañeiros de partido. O alcalde , como tal, ten que decir que o colexio non se pecha.

Dicen que é un traslado , non un peche. Se pecha non volve a abrir. As formas son lamentables, os concelleiros fomos invitados a unha encerrona. Algunhas nais decían que o colexio non se podía pechar, é un colexio emblemático. O argumento de que o edificio está moi mal é un argumento falso, ten algunhas deficiencias. Ao escoitar pensei que se falaba de outro colexio. A min no me gusta nada que se peche o colexio con argumentos falsos. Levar nenos de certa idade en autobús , non é o mesmo que ir a pé. Agora eses argumentos non valen. É unha mala imaxe para o pobo. Ese colexio tivo momentos con menos nenos que agora e se fixo a aposta de seguir. Detrás de esta vai outro, cos mesmos argumentos se pecha o colexio de San Paio ou o de Francelos. O final hai unha idea, nunca é bó pechar servizos. Non somos un concello cunha natalidade tan mala, ao pechar servizos tiramos pedras contra o noso propio tellado. Temos que seguir loitando para explicar a xente a realidade, ventaxas e desventaxas. A responsabilidade é do alcalde. Boto de menos que se lle explique á xente certas cuestións. Se quitan dous profesores de relixión, e xa non había problemas cos profesores.

O que decía Ribeiro en Común me preocupa, que algunha asociación xa medía os espazos do edificio; unha que lle fai favores ao goberno nas eleccións. Se o colexio chegase a pechar, habería que ver a quen se daba e cómo.

Alcalde.- En primeiro lugar, ese espazo non está prometido nin comprometido para ninguén. Se hai traslado se buscará un uso consensuado e racional.

Convidooos a todos os grupos a falar co director e co profesorado. O director estaría encantado de explicar o que explicou a toda a comunidade educativa. Entenderán o que plantexa e contradicen os argumentos das ratio.

Hai un aula con 18 alumnos/as para nenos de 3 anos.

Hai dous aulas con 12 alumnos/as para nenos de 4 anos.

Hai dous aulas con 10 alumnos/as para nenos de 5 anos.

No edificio da Alameda hai tres profesores máis dos que correspondería por ratio. Hai que poñelo enriba da mesa.

Nego que o alcalde non dixera nada. Era unha decisión moi importante, había que adoptala co maior consenso. A decisión e do director, dos profesores, dos pais e nais; se os pais e nais están de acordo coa decisión do director o apoiamos e si no non. Apoiamos a decisión que tome a maioría.

Das súas verbas deduzco que non tiveron unha reunión coa dirección.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Deduces mal.

Alcalde.- Convidoo a unha reunión coa dirección, estamos dispostos a facer unha enquisa. Estamos a favor de que sexa unha decisión sometida a consenso,

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Mentira, se está retratando.

Alcalde.- Eu presido e estou intervindo e vostede me interrompe.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Me pode apercibir que para iso hai un regulamento. Eu vou a falar despois non me quite o turno.

Alcalde.- Podemos falar coa dirección do centro, xa emitiu un informe por escrito. Vou a dar o informe ao secretario para que o adxunte á acta do pleno. Nos apoiaremos a decisión que adopte a comunidade educativa.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Nos diriximos ao director do centro, lle dexei unha carta e non tiven resposta. Na carta se dixo que se ía a presentar unha moción ao pleno. Para mín foi sorpresivo que o centro dixera que é unha decisión propia. Antes había unha manifestación polo peche de un aula. Se hai traslado se van a ir perdendo aulas e profesores. A Ribadavia non lle interesa perder servizos públicos.

¿ Vostede falou coa dirección? ¿ Tivo contactos coa ANPA? Se chega a decir que o colexio se cae a cachos e que hai que salvar aos nenos.

De momento non tivemos resposta do director.

Reclamamos a continuidade do colexio, o peche non é admisible.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Como portavoz dun grupo da oposición lle digo, que vostede preside o pleno; pode interrompir, quitar a palabra, apercibir,; pero non pensar que non se lle pode interrompir cunha actitude de ser superior. Eso non o admito porque non é de recibo. Eu estou aberto ao diálogo con todos os grupos, tamén co PP.

Nos expoñemos en positivo , sen atacar a ningún grupo; ningún dos presentes se ten que dar por aludido pola nosa intervención.

O alcalde en vez de asumir a defensa dun centro educativo, non se manifestou nin a favor nin en contra do peche. Vostede falou de consultar á dirección , aos profesores, pais e nais. E ¿ nos que somos, marionetas? , ¿ non somos representantes veciñais?, os que van a levar os fillos en dous o tres anos temos dereito a opinar. Moita xente levou aos seus fillos ao CRA. Non se pode mirar para outro lado. Se podería facer unha consulta cidadan, facela extensiva ao público da gardería. As nosas ideas son en positivo, sen atacar a ningún. O director xa expresou a súa opinión, a súa opinión era definitiva e trasladada á Consellería.

Dentro de dous anos , cincuenta familias queren levar ahí os nenos e o colexio está pechado , que se lles dice. Os argumentos dos profesores son válidos, pero rebatibles. Se levaron aulas para abaixo. Nese colexio había unha pancarta de defensa do ensino público, era un referente. Os veciños temos dereito aos nosos colexios e aos nosos servizos. Nos como políticos non podemos dar a razón. A decisión final é da Consellería. Se saen as nais e os pais pedindo que non se peche, o PP cambia de posición. Se a unha ampla parte da sociedade de Ribadavia lles dera igual, pero non é o que me transmiten.

Unha última reflexión se falaba de que non hai conserxe, non hai quen faga fotocopias, é unha reivindicación de fai tempo; que o pague o concello como as limpiadoras. Se o colexio pecha teríamos que poñer traballadoras na rúa. Se dixo que o centro non chega a fin de mes, que non había diñeiro nin para pagar unhas cartulinas dende que retiraron a ESO.

Hai que preservar ese servizo público, creo que o PSOE non fixo demagogia, se fixo ao revés. A nosa opinión non varía , estamos en contra do peche do colexio.

Alcalde.- Cando falamos antes de interrupcións ou dun ser superior, eu procuro non interrompir , da mesma maneira non me gusta que me interrompan.

Eu cando recomendaba falar co director,non reprendía, o facía para poder ter unha visión máis ampla do problema.

Facer unha reflexión ,as persoas que están no equipo directivo son as mesmas que estaban cando se manifestaban en defensa do ensino público.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Non.

Alcalde.- Era o mesmo director, merece a mesma lexitimidade e respecto.

Ás familias da gardería xa se lles consultou o día antes, estive eu como pai dun neno na gardería nesa reunión. Eu recibí o mesmo papel que todos os pais da gardería e do colexio de abaixo, convocando á reunión para o traspaso do alumnado ao colexio de abaixo. Asistí á reunión para

informarme e despois trasladei á información. Despois a dirección, ao día seguinte, convocou aos grupos políticos.

Dixo que non hai unha opinión clara do goberno municipal, pode que non lle guste dita opinión, pero sí a hai: defender a decisión libre que tomen os pais e nais de Ribadavia. Entendemos a política como servizo público, apoiar a posición que eles tomen. Os gobernantes teñen a capacidade de propoñer medidas e sometelas á cidadanía. Apoiar as decisións da cidadanía, así entendemos a política. Outros grupos entenden que a sociedade ten que amoldarse ás súas posicións. Nos entendemos a política como decisións consensuadas, non impostas. Non nos moveremos un milímetro da decisión que tomen pais e nais. Convidoo a falar coa dirección do centro.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- ¿ Está a favor do peche do colexio da Alameda?

Alcalde.- Este goberno apoia as decisións que tomen os pais e nais de Ribadavia.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- A posición non queda clara, non dixo se está a favor do peche.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- ¿ Cómo se vai a saber a decisión dos pais e nais se non se lles consultou?

Alcalde.- Son conscientes de que estou no uso da palabra.

Dª María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Este pleno representa ao pobo de Ribadavia, queremos que se posicione. O director, os profesores e os pais non teñen potestade de pechar o colexio. É unha cuestión máis seria. Nos estamos por enriba de que un profesor non esté cómodo onde está. Se todo o pleno se posiciona en contra o colexio non se pecha.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Suscribo ao cen por cen a posición da portavoz do BNG. Somos representantes cidadáns, estamos para a procura do ben común. O colexio é fundamental, a xente nos o transmite. Que o alcalde e a corporación enteira se posicionen. A abstención é posicionarse a favor do peche, a dureza dos feitos se impón as palabras. Ás xeracións vindeiras lles deixamos pechar un colexio que se podía manter.

Os grupos representamos aos veciños, hai que facer unha consulta vinculante. O noso grupo non se opoñe a que haxa pais e nais que teñen dereito a levar aos seus fillos ao colexio de abaixo, pero non queren o peche do colexio da Alameda. Algún día se saberá quen está detrás de esa decisión. Eu non concordo cos intereses do director e profesores que se queren ir para abaixo e non coinciden cos veciños que queren que siga o colexio. Que non nos priven do colexio, temos dereito a usarlo. O concello ten moito que dicir neste tema. Este grupo manifesta o seu apoio para que se reforme o colexio, aínda que tiña que facelo a Xunta. Non sei a quen lle pode molestar esta proposta, me gustaría que o alcalde se sumase. Pode ser unha maioría de pais e nais que non queren que se peche. Que o concello non sexa un mero portavoz do director e dos pais e nais, que se respecte o

modelo CRA. A opinión do director, dos profesores e algúns pais e nais son moi respectables pero non poden menoscar a decisión do pleno.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Baseandonos no que vostedes dicen , eu teño claro que maioritariamente os pais e nais non queren que se peche o colexio. Eles din se non hai outro remedio, se está tan mal... Eu non quero pertencer á corporación que pechou o colexio.

Pido que se faga unha declaración institucional de que a Corporación non está de acordo en que se peche o colexio da Alameda.

Nas redes sociais se ve que os pais e nais non están de acordo en que se peche o colexio. A nosa posición como grupo municipal socialista é que non se peche o colexio, estamos onde sempre estivemos , en contra de que se peche o colexio.

Alcalde.- Este grupo terá a mesma posición dentro de un mes, cinco meses ou vinte meses. Previamente á declaración institucional habería que ter unha reunión cos profesores e co director.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- ¿ Tivo unha reunión cos pais e coas nais?

Alcalde.- Falei cos pais e coas nais.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado votos a prol PSOE (4), RBC (3) , BNG (1), abstencións PP (5), fica aprobada a moción.

10- MOCIÓN RBC PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA APOIE UNHA EDUCACIÓN PÚBLICA DE CALIDADE E REXEITE AS RATIOS DA XUNTA QUE IMPOÑEN O PECHE DO COLEXIO DA ALAMEDA.

A Comisión de Cultura, Enoturismo e Termalismo , na súa sesión de 20 de febreiro de 2020 adoptou o seguinte ditame:

Exposición de Motivos

A política de recortes da Xunta leva á inviabilidade e peche do Colexio da Alameda. Fronte a esa realidade, defendemos unha educación en aulas non masificadas, con ratios que faciliten unha educación de calidade para as nosas nenas e nenos.

O vindeiro curso vai pechar o Colexio da Alameda. É unha decisión da dirección pola inviabilidade da docéncia no Centro, como consecuencia das ratios que recortan profesorado.

As políticas educativas de recortes da Xunta e as ratios que elevan as esixencias de números de alumnado para dispor de profesores/as levanos á inviabilidade do Colexio da Alameda e ao seu peche definitivo, cando menos mentres a Xunta e a Consellaría de Educación estea ocupada polo PP e as súas leis de recortes.

O peche do Colexio da Alameda era unha preocupación real desde que no verán, antes do inicio do curso, se anunciara a eliminación de dúas prazas de maestras en dito centro. Esta posibilidade fora xa denunciada por Ribeiro en Común naquela altura. E a pesar dos silencios do goberno municipal, esta posibilidade sobrevoaba xa as cabezas dos nosos gobernantes que sempre se mantiveron cautos en público pero raudos e audaces en privado, cando andaban prometendo e ofrecendo o actual edificio do Colexio, que é municipal, a diferentes asociacións do municipio. A dobre cara desta xente, por un lado ocultandolle esta realidade ao grupo de nais e pais que non querían que pechara o Colexio, pero por outro lado querendo quedar ben coas asociacións que precisan de locais para realizar a súa función axeitadamente. Cinismo absoluto.

Posición definitiva e recortes a través da lei: Tras un curso con moitas dificultades para as maestras poder exercer correctamente o seu traballo, e o establecemento dunhas ratios altas pola Xunta como medida para recortar profesorado através da lei, onte anunciouse que o vindeiro curso vai pechar o Colexio da Alameda.

É unha decisión da dirección pola inviabilidade da docencia do Centro. O alumnado será trasladado para o curso que ven. É unha decisión triste para o profesorado pero necesaria, segundo expresou a dirección do Centro. Isto é así, porque este curso tiñan serias dificultades para realizar o seu traballo correctamente.

Un edificio que leva demasiado tempo sen melloras: A isto hai que engadirlle a mala situación do centro da Alameda que leva demasiado tempo sen ser reformado nin mellorado.

Ribeiro en Común comprometése, sempre que as leis educativas da Xunta o permitan, a traballar para que o Centro da Alameda volva a estar ocupado por nenos e nenas. Para iso é obvio que o primeiro e obrigado é reformar o Centro.

Recordamos ademais, por si ao PP se lle esqueceu, que no espazo da Alameda aínda permanece a gardería Galiña Azul, e por conseguinte debera este recinto ser unha prioridade para nenos e nenas, antes que prometerllo a asociacións para quedar ben debera consultarllo a todos os grupos. Para o noso grupo, este centro, ademais de outros usos culturais, debera ser unha prioridade o seu uso educativo.

Unha educación en aulas non masificadas, con ratios que faciliten unha educación de calidade para as nosas nenas e nenos: O modelo educativo e as ratios elevados que establece a Xunta fai inviables os centros educativos e os modelos pedagóxicos dunha atención de profesorado-alumnado máis cercano. No momento actual de recortes en educación e sanidade, o 5 de abril abrese unha oportunidade única de desaloxar ao PP das políticas que perxudican o ensino e a sanidade de calidade.

A educación pública e de calidade é a garantía dun bo futuro para os e as nosas fillas, unha sanidade pública e de calidade é a única garantía para o seu benestar físico e a súa saúde.

PROPOSTA PARA A SÚA APROBACIÓN:

- 1. Que o Concello de Ribadavia apoie unha educación pública de calidade e rexeite as ratios da Xunta que impoñen o peche do Colexio da Alameda, e apoie e se involucre na defensa do edificio municipal da Alameda como Centro educativo para a etapa de infantil.**
- 2. Que o Concello de Ribadavia lle reclame á Xunta de Galicia que tome medidas para**

que o Colexio da Alameda non se peche, e o Compromiso de reforma e melloras en dito edificio, xunto con outras Administracións.

3. Que o Concello de Ribadavia traslade estes acordos á Consellaría de Educación da Xunta de Galicia e ao centro CIP Ribadavia, para que desde a Xunta se involucren na reforma do edificio e se comprometan en parar esta medida de peche do Colexio da Alameda.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PSOE, BNG, RBC , , reservanse para o Pleno PP ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado votos a prol PSOE (4), RBC (3) , BNG (1), abstencións PP (5), fica aprobada a moción.

11.- MOCIÓN RBC PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA MELLORE O ENTORNO DAS ESTACIONS DE TREN E BUSES, ASÍ COMO DE TAXI .

A Comisión Especial de Contas e Informativa de Facenda, Promoción Económica e Vitivinícola e Obras , na súa sesión de 20 de febreiro de 2020 adoptou o seguinte ditame:

1 Que o concello de Ribadavia tome medidas urxentes na mellora do entorno urbano das Estacións de tren e bus: limpeza, reparacións ,iluminación.

2 Que o concello de Ribadavia tome a iniciativa para a mellora das Estacións de tren e bus, da man de ADIF e da Xunta de Galicia como Administracións competentes.

3 Que o concello de Ribadavia convoque xuntanza co sector do Taxi para consensuar melloras do servizo e da súa parada.

4 Que se leve a cabo a Moción aprobada en xaneiro neste pleno, que reclamaba un pacto comarcal para a mellora do transporte público en Ribadavia e o Ribeiro.

Sometida a votación a proposta obtense o seguinte resultado, votos a prol PSOE, BNG, RBC , , reservanse para o Pleno PP ; fica ditaminada de xeito favorable, elevándose a pleno en calidade de ditame.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Traemos esta moción coa intención de que se melloren as cousas, foi algo que o grupo de goberno trouxo cando estaba na oposición. O entorno da estación está en moi mal estado. Para nos o debate de competencias é ficticio. Que o faga o concello directamente ou faga xestións para que o faga outra administración. Non funciona nin unha fonte no entorno da estación de tren. Hai unha mala xestión de Adif e da Xunta , pero os entornos están moi deteriorados.

Habería que manter unha xuntanza cos taxistas, consultar su opinión sobre a súa parada, a ubicación, as posibles melloras. Está pendente a segunda parte da comisión de tráfico. Que se leven a cabo as mocións. As dúas mocións anteriores saíron aprobadas, o alcalde ten que actuar nese senso, senón toma nota, ao mellor é a advertencia definitiva.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Se ten pedido moi reiteradamente, da mala imaxe para Ribadavia. A estación de tren da pena. O entorno da estación de autobús é calamitoso, non está sinalizada. A imaxe cara ao exterior é moi importante.

D^a Cristina Otero Alonso (PSOE).- Destacar a importancia da estación de tren e de autobús. É a primeira imaxe ao entrar en Ribadavia. A escasa frecuencia de tren e de autobús é mala para os veciños. Nos comprometemos a facer todo o posible con Adif para mellorar a situación.

D^a Mariluz Expósito Pérez (PP).- Tomamos nota dos puntos 1 e 3 da moción, na medida das posibilidades se actuará. Xa se fixo unha pequena intervención nas beirarrúas. Se fixeron notificacións para que se limpie. Na medida das posibilidades se solucionarán as deficiencias.

D Miguel García Domínguez (PP).- A comisión de tráfico será na semana do 2 ao 6 de marzo, está pendente de concretar.

D Manuel Vázquez López (PSOE).- Insistir na necesidade de sinalización, iluminación; o ideal sería que se fixese unha estación intermodal.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Moitas grazas pola unanimidade. Agardamos que se leva a cabo, é a propia imaxe de Ribadavia.

Alcalde.- A semana pasada se trasladou unha petición ao Servizo de Mobilidade da Xunta para unha mellora no servizo de autobuses, no horario de autobús dende Ourense que vai a ser aceptada.

Sometida a votación a proposta é aprobada por unanimidade.

12.-ROGOS E PREGUNTAS.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Que se faga unha poda de árbores no local social de Ventosela e que se atendan os outros rogos.

Preguntar se está pechado o prazo para anotarse na Feira do Viño, e saber o número de colleiteiros. Preguntar se dende o concello se falou co Consello Regulador por este tema.

Alcalde.- Se pechou o prazo de inscrición, hai trinta e un inscritos e oito colleiteiros. Segue o contacto co Consello Regulador e a Asociación de colleiteiros.

Hai unha convocatoria para o cinco de marzo ás doce na sede da Confederación de Empresarios de Ourense.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- Saíu un anuncio en prensa de que tres concellos, entre ellos Ribadavia, ían a promover a formación en enoturismo. Saiu en prensa ,e non se nos informou.

Alcalde.- É un obradoiro de emprego, houbo unha reunión de catro alcaldes para facelo, Melón non podía ao non ter a conta xeral aprobada. Se fixo unha declaración institucional despois da reunión. Vai orientada a prácticas agrarias e enoturismo , se van a implicar empresas para inserción laboral. Nas comisións informativas non se deu conta porque o tema non estaba pechado.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- ¿ Vaise pedir a subvención para inserción laboral?

Alcalde.- Hai unha liña específica.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- A xunta de goberno local da Deputación Provincial, da que vostede forma parte, concedeu unha subvención a Adegal , que ten moitas queixas por non respectar o medio ambiente. Non é coherente con formar parte do Pacto dos alcaldes contra o clima.

Alcalde.- Non é unha subvención concedida polo concello, son ámbitos separables. Esa asociación ten sede en Xinzo.

D^a María Teresa Rodríguez Estévez (BNG).- O desfile do domingo de entroido houbo un bo ambiente, o martes non puedo valorar porque non estiven. Me gustaría saber cal é a valoración por parte do goberno.

Alcalde.- Foi unha actividade positiva, a percepción é que foi ben.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).-

1. Se teñan en conta os rogos anteriores e os escritos presentados polo noso grupos que aínda non foran tidos en conta polo goberno local.

2. En relación coa situación de baixas ou postos aínda sen cubrir en varios postos de traballo do noso Concello, ou debido á situación de acumulación de tarefas e carga de traballo, como por exemplo no Servizo municipal de Deportes, Policía Local, ou no servizo de limpeza viaria, e podendo haber máis, o noso grupo reclama:

- modificación orzamentaria que faga posible o seu reforzamento: servizo de deportes, e completar xornada laboral actual servizo limpeza.

- debido ao retraso no proceso de selección de novos axentes da P.L., pedimos se leva a cabo a contratación de auxiliares de P.L.

3. En relación coa obra do parque do Murallón (parque Robla) na cal a súa finalización está

acreditada, reclamamos o seu mantemento, limpeza e finalización de pequenas cuestións de obra aínda sen rematar. Pedimos que á maior brevidade, e sempre que sexa posible, limpeza, desbroce do entorno da Pasarela da Foz.

4. Solicitamos convocatoria da segunda parte da Comisión de tráfico, tal e como se quedara.

5. Se realicen por parte do Concello os informes técnicos municipais reiteradamente demandados polo noso grupos sobre a obra do campo sintético do Xestal.

6. Reiteramos a convocatoria do Padroado Vila Termal de Prexigueiro. Reiteramos o arranxo do vial de acceso a Prexigueiro que se atopa desde fai meses derrubado.

7. Reiteramos o remate das beirarrúas de Francelos, e a convocatoria de xuntanza entre portavoces municipais e a empresa Naturgy (Fenosa), á que se comprometeron desde a Alcaldía a facer.

8. Reiteramos que o goberno leve a cabo un Plan de Limpeza das rúas de Ribadavia, e das súas parroquias, que se atopan nunha situación de suciedade e abandono.

9. Solicitamos o arranxo da calzada do Centro de Saúde- na zona da Veronza, nunha situación moi precaria.

10. Reiteramos a retirada dos restos da obra do Parque Robla acumulados no Campo da Feira. Reiteramos a mellora de dito parque.

11. Reiteramos a petición de que o goberno local realice a Oferta Pública da cafetería da Praza de Abastos, e consulte cos demais grupos a situación na que se atopa dita praza e posibles novos postos libres.

12. Reiterar o arranxo das tubaxes que sistematicamente están causando prexuízos importantes no lugar do Seixo, nas Chabolas.

13. Reiterar a limpeza das ribeiras dos ríos Avia e Miño, cheos de plásticos tras as crecidas do inverno e que deixan á luz a mala situación na que está o noso municipio nesta cuestión.

14. Tras o anuncio de que se vai levar a cabo parte da Moción promovida por REC sobre as irmás Touza, reiterar o cambio de Placa na casa natal.

15. Reiterar a petición de que o Concello persiga o vandalismo.

16. Supervisar o control de riscos laborais nas obras municipais, como o acontecido nas Banquetas.

17. Reiterar a eliminación e selado de vertedoiros ilegais existentes no noso municipio, e que ao Concello lle constan sen que o goberno local faga nada.

18. Reiterar a petición de que os inmobles e solares municipais sexan cercados correctamente e se manteña un estado de limpeza e conservación axeitado.

19. Solicitar o arranxo da calzada e paso de peóns situado na altura do parque dos xardinillos, cruce Rúa Virxe Portal con Rúa Alvaro Cunqueiro.

20. En relación coas baixas de oficio no Padrón Municipal por inscrición indebida, tal e como tiña reclamado o noso grupo, e pesar do cal este goberno e esta Alcaldía negara a situación e mesmo chegaran a afirmar que as nosas reclamacións sobre o Padrón non eran certas. O noso grupo reclama a convocatoria dunha Comisión do Padrón Municipal de Ribadavia, tal e como levamos tempo reclamando e sendo esta negada por este goberno local, para abordar a situación do Padrón e as súas baixas e altas.

21. Ribeiro en Común defende que o xantar de martes de entroido organizado polo concello debería ser feito por hostaleiros locais (manifestaron a súa disposición) e non contratado a unha empresa de fora. Unha vez máis desde o goberno priman intereses partidarios no lugar dos municipais e veciñais. Reclamamos que o ano que ven así sexa.

22. En relación coa visita da Conselleira de Benestar da Xunta ao noso municipio, e a visita dunha instalación da Xunta en compañía do goberno municipal, parécenos unha forma sectoria de proceder que non respecta nin a institución municipal nin aos representantes cidadáns de toda a corporación, que tamén somos lexítimos representantes do pobo ribadaviense. Esiximos que se respecte a representación de toda a cidadanía de Ribadavia e non se faga política sectoria e partidista coas institucións.

- Preguntas:

- Situación e información sobre o estado do PXOM.

- Factura da empresa AOPIL SL, obriga recoñecida por Alcaldía de 30 de xaneiro, co concepto "traballos diversos con camión grúa". Demandamos concreción e informe previo sobre o gasto, tal e como reclamaba o grupo actual de goberno cando estaba na oposición.

Alcalde.- No Seixo levan traballando dende onte. Respecto aos vertedoiros sen ten comunicado á Xunta para proceder á retirada de varios.

O plan xeral de ordenación municipal ten todos os trámites rematados, se vai a enviar a publicación ao Boletín Oficial da Provincia.

A factura da que fala, non a coñezo agora mesmo, a revisarei. Cando teña a información a facilitarei.

Na visita da Conselleira hai un malentendido , é amiga persoal, compañeira no Parlamento, non viño a Ribadavia en visita oficial , estivemos simplemente tomando un café nunha cafetería , a xente o viu e o pode confirmar. Non foi unha visita oficial, non era axenda pública. Se falou de algunhas necesidades, e se baixou un momento ao centro de socorro.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- É mentira e o podo demostrar.

D Brais Fidalgo Martínez (RBC).- Non creo o seu relato, cuestiono as formas. Outras veces polo menos se avisa aos grupos da oposición. Non é a forma de visitar o Centro . Se ven como cidadana non se pode presentar como conselleira. O Centro Sociocomunitario non é propiedade da Consellería.

D Manuel Vázquez López (PSOE).- Incidir no tema da limpeza, os contenedores están moi

deteriorados; hai contenedores orgánicos e amarelos sen tapa.

É necesaria unha actuación na Veronza, na zona cercana ao ambulatorio. Houbo un derrube en Prexigueiro , fai falta unha sinal de velocidade no acceso ás termas.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Na visita da conselleira, cando eu digo que se minto o podo demostrar. Estaba programada unha visita institucional pola mañá, cando visita o Centro Social , que depende da Consellería, non o visita como cidadana.

Na Feira do Viño cando se preguntou se se fixo algunha xestión, dixo que lle invitaron a unha reunión.. A xestión é facer algo cos colleiteiros, baixan de corenta e dous a trinta e un os stands. Non se está tendo vontade de falar, se pode facer algo.

Nos preguntamos se se falou cos restauradores de este concello para organizar a comida do entroido. Se dixo que ningún quería participar, non é certo. Sete restauradores dixeron que non se falou con eles e que algún tiña capacidade para facer a comida. A empresa que ven xa sabemos as vinculacións que ten, non se pode mentir aos concelleiros.

No desfile do domingo , se non chove, sempre hai xente. Foi acertado o do martes, eu mantería o mesmo.

Dª Yolanda Gómez Gómez, concelleira de Cultura.- Eu non mentín. Si se falou cos hosteleiros, houbo unha reunión un mes antes na Casa da Cultura. A idea era que os restaurantes de Ribadavia fixeran o cocido. Un representante da directiva dixo que ía a falar cos hosteleiros e transmitir a idea, senón se buscarían alternativas. Dixo que aos hosteleiros non lles interesaba facer o menú. Entón busquei a unha empresa que traía todo o material e era a máis barata.

D Manuel Vázquez López (PSOE).- Non imos a personalizar, esa persoa non fixo ben o seu traballo. O terías que ter feito ti. O Coren Grill ten capacidade para facer 150 cocidos. O Evención tamén o faría, o mesón Cucheiro, Marcos Blanco. Que eses cartos queden no pobo.

D Brais Fidalgo Martínez .-As asociacións non representan o 100% da hostelería.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- ¿ Por qué estaban hoxe traballando os albaneles na rúa Corral?

Dª Mariluz Expósito Pérez (PP).- Poñendo unha arqueta de luz.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- A un alcalde se lle perseguiu por unha cuestión similar, buscando un rédito político.

Despois da Comisión de Tráfico houbo unha nota de prensa decindo que o concello ía a implantar a zona azul, se quedou en estudar o tema simplemente.

D Miguel García Domínguez.- Houbo unha chamada dun medio de comunicación, non se falou de ningunha decisión tomada. Eu contestei como concelleiro de tráfico.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Que se repare o parque dos Xardinillos. ¿ Se fixo a

petición de lavado dos contenedores?

Alcalde. Sí.

D José Ignacio Gómez Pérez (PSOE).- Se ía a celebrar unha merenda cos nenos polo carnaval, pregunto se nun grupo de watshapp a concelleira lles dixo que da parte que non pudieran se facía parte do concello.

Dª Yolanda Gómez Gómez (PP).- Non.

E sendo as doce horas e seis minutos e non habendo máis asuntos que tratar o Sr Alcalde Presidente levanta a sesión do que como secretario extendo a presente acta.